

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 20 de marzo de 2019 na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta da correspondente á sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2019.
- \* Modificación dos Estatutos da AUNETI (Asociación de Universidades do Estado Español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación) á que se adheriu a Universidade de Vigo (C.G. de data 15/06/2016 e C.S. 29/04/2016).
- \* Aprobación da modificación puntual nos Criterios de Elaboración da Programación Docente Anual (PDA) para o curso 2019/20.
- \* Aprobación dos recoñecementos docentes pola dirección de Proxectos Fin de Carreira.
- \* Aprobación da programación docente anual (PDA) nas titulacións de grao e de máster para o curso 2019/20.
- \* Aprobación dos límites de prazas nas titulacións de grao e de máster para o curso 2019/20.
- \* Aprobación das declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2020/21.
- \* Aprobación das Normas Básicas de POD para o curso 2019/20.
- \* Aprobación do Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo.
- \* Aprobación dos Criterios para a Elaboración das Ofertas de Emprego Público de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación das Medidas de Promoción do Profesorado Asociado Acreditado da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da saída a concurso dunha praza de Profesorado Contratado Doutor na área de Enxeñaría Aeroespacial.
- \* Aprobación do PCEO do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Biomédica, e do PCEO do Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e o Grao en Enxeñaría Biomédica.
- \* Aprobación da renovación da composición da Comisión de Biblioteca.
- \* Aprobación do Programa de Retención de Talento para 2019.
- \* Aprobación da creación da Comisión de Convenios, Cursos e Contratos do artigo 83 da LOU e da súa composición.
- \* Aprobación do acordo das Universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios de grao no devandito sistema para o curso 2019/2020.
- \* Aprobación da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2019/2020.
- \* Aprobación da proposta de adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo á *Asociación Olímpada Española de Economía*.
- \* Estimación parcial do recurso de alzada presentado por María Montserrat Cruz González contra acordos do Consello de Dpto. de Organización de Empresas e Marketing, celebrado o 16/01/19, sobre cambio de adscripción.
- \* Estimación do recurso de alzada presentado por Francisco Fernández Massaguer contra o acordo de informe desfavorable da Xunta de Escola da E.E. de Telecomunicación do día 19/12/18, sobre a súa actividade docente.
- \* Eleccións para cubrir as seguintes prazas vacantes:
  - Na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos, delegada do Consello de Goberno: Sector Estudiantes, Adrián Balado Barciela.

O Secretario Xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.